

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
99999999	DLG Conselleria de Educación	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Educación Plástica e Visual de 5º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Educación Plástica e Visual á realidade deste centro e a do alumnado de 5º curso.

A expresión plástica e visual debe entenderse como unha linguaxe universal e sen fronteiras, como un medio excelente para comprender e transmitir a cultura e as ideas propias, e incluso para funcionar como axente solidario e de cohesión social. Por ese motivo, é importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas que existen nas artes plásticas e visuais, polo que debe estimularse a súa capacidade creativa e fomentarse a súa espontaneidade e desinhibición. Nesa dirección, como adoita ser ben aceptada, valorada e apreciada polo alumnado, debe acabar por ser o espazo ideal para a súa expresión.

Na área de Educación Plástica e Visual procúrase inculcar a importancia de que o relevante non é tanto nin o bonito ou o feo que sexa o traballo realizado nin o seu valor artístico, senón que as alumnas e os alumnos adquiriran o nivel técnico e os procedementos artísticos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística plástica e visual será potenciada. Por ese motivo, terá unha especial importancia dotar ao alumnado dunhas técnicas axeitadas ao seu nivel madurativo para que empregue a expresión plástica e visual como medios de expresión e comunicación. Nesa dirección, a área de Educación Plástica e Visual procurará acadar co alumnado, sempre dentro das súas posibilidades, as seguintes metas:

- Desenvolver as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes visuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos e visuais como recursos expresivos.

Esta programación didáctica planifícase con tres unidades didácticas cunha temporalización trimestral (unha por trimestre), e unha cuarta unidade didáctica de carácter transversal que terá vixencia ao longo de todo o curso (durante os tres trimestres) e servirá tanto para desenvolver o currículo da área como para completar o traballo no resto de unidades didácticas. Á súa vez, cada unidade didáctica dividirase en varios apartados:

- A plástica e o seu contexto: observación de obras de arte representativas (seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado).
- Creatividade e composición: elaboración de obras propias empregando diferentes materiais e técnicas.
 - Sección de volume: realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
 - Nova visión plástica: animacións, imaxes, emprego de ordenador...
 - Sección lúdica: xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe visual	Esta unidade didáctica 1 inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, o Samaín e o Nadal cobrarán especial relevancia.	18	7	X		
2	Proceso creativo	Esta unidade didáctica 2 prosegue o traballo da unidade didáctica 1, reforzando e ampliando paulatinamente o traballo cos elementos plásticos e visuais relacionados co proceso creativo.	18	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Proceso creativo	O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	18	6		X	
3	Debuxo xeométrico	A unidade didáctica 3 desenvolve os elementos dos contidos das unidades didácticas 1 e 2, mais, o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicalos nos deseños e composicións. A conmemoración das Letras Galegas cobrará especial relevancia.	24	5			X
4	Warhol	Esta unidade didáctica inicia o alumnado na vida e obra de Andy Warhol. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe visual	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, e realiza traballos artísticos utilizando estes coñecementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Deseña un instrumento musical empregando as formas xeométricas aprendidas. Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente nas composicións individuais e grupais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Cóñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, e do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos e analizando o encadre máis axeitado.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a procura de material para a elaboración de traballos grupais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.

Contidos

- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Proceso creativo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo a tamaño, cor, función, formato e iluminación.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos relacionados coas profesións utilizando os coñecementos aprendidos.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, interpreta e analiza a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas empregando o vocabulario axeitado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza o trazado de rectas paralelas.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas en planos e mapas simples.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para documentarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

Contidos

- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Debuxo xeométrico	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o uso da liña horizontal nunha obra artística concreta.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza ángulos de 90, 60 e 30 graos utilizando as ferramentas básicas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada na representación do eixe de simetría para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade en composicións e creacións realizadas co ordenador.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Utiliza con respecto as tecnoloxías da información e a comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega as novas tecnoloxías para iniciarse no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regla, escuadro, cartabón e transportador).		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais. - Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Estratexias de procura, filtrado e valoración.

Contidos

- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Warhol	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de Andy Warhol.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece e identifica as características fundamentais do estilo Pop Art.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora a obra e os procesos creativos de Andy Warhol.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Observa, analiza e reproduce plasticamente as partes fundamentais do rostro humano. Reproduce trazos e temas baseándose na obra de Andy Warhol.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa positivamente na realización dunha serigrafía con técnicas postmodernas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...).		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística de Andy Warhol.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Experimenta coas gamas cromáticas para imitar as cores imposibles e intensas presentes nos cadros de Andy Warhol.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Identifica, clasifica e realiza os distintos movementos no plano (translacións, eixes simétricos, xiros e simetrías centrais) co ordenador.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na visita virtual ás fotografías de 360 graos do Museo de Bellas Artes de Montreal.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Crea obras con patróns repetitivos seguindo as características das obras de Andy Warhol.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Realiza e colorear co ordenador serigrafías con distintos temas relacionados coa publicidade e con actrices e actores famosas/os.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e colorear co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras de Andy Warhol.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Contidos

- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta programación didáctica remítese, en primeira instancia, ás liñas de actuación recollidas no currículo da área de Educación Plástica e Visual, que se desenvolverán ao longo das diferentes sesións da materia.

As unidades didácticas propostas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa, e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave en relación ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A unidade didáctica 4, que viaxa ao longo do tempo ao estar presente en cada un dos tres trimestres, non está concibida para levarse a cabo nin antes nin despois do traballo da unidade 1, da 2 ou da 3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das unidades didácticas senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do proceso de aprendizaxe do alumnado, polo outro.

Desenvolverase unha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena (sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado). As características fundamentais da metodoloxía que se empregará son:

- Funcionalidade das aprendizaxes, dirixidas sempre a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo, a través do traballo cooperativo en grande ou pequeno grupo e por parellas.
 - Uso de tecnoloxías da comunicación e información como recursos de aprendizaxe (vídeos, webs...), xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
 - Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Consideración dos erros como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

- Traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da área no tocante ao número de sesións -1 sesión semanal-, a área conta cun total de 35 sesións por curso. Para optimizar a impartición, como recurso empregarase na páxina web do centro (ou na aula virtual do centro) unha sección específica para esta área. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- Recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo as tarefas encomendadas.
- Ligazóns de interese relacionadas coa área.
- Outros materiais que se poidan empregar ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Ordenador, con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación etc.
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras de Andy Warhol
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro / Aula virtual: sección Educación Plástica e Visual (5º curso)
Estoxo
Deseños incompletos da obra de Warhol
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual é unha aula específica, que se caracteriza polos seus ventanais, que permiten a entrada de luz natural, e tamén por ser unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar os distintos traballos.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías. O ordenador da aula contén software libre, que é co que se traballa co alumnado.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta área na páxina web do centro (ou na aula virtual) servirá para varias cuestións (que xa se indicaron no elemento da programación didáctica referido ás concrecións metodolóxicas).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu propio material e de que estea en perfecto estado para o

seu uso e sempre limpo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial do alumnado na área de Educación Plástica e Visual, desenvolveranse dúas accións concretas:

1. A revisión dos informes individualizados do alumnado. De especial interese será tamén, no seu caso, a información que poidan ampliar a/s persoa/s titora/s do alumnado no curso anterior (de ser posible, farase unha reunión presencial con estas se continúan no equipo docente do centro).
2. A realización dunha proba específica que abranguerá tanto aspectos competenciais como coñecementos propios da área, habilidades, destrezas, actitudes e intereses do alumnado.

En relación á proba específica, esta levarase a cabo durante as 3 ou 4 primeiras sesións do curso e o seu obxectivo será obter información precisa sobre o nivel académico de cada alumna e alumno en relación á área de Música e Danza e o nivel da clase no seu conxunto, de cara a concretar o proceso de ensino e aprendizaxe máis adecuado. A dita proba consistirá en:

- A realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.
- O rexistro de aspectos que amose cada alumna e cada alumno como a capacidade de recepción, comportamento, actitude etc..

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos criterios de avaliación da presente programación didáctica avaliaranse por medio dunha táboa de indicadores, e para iso levarase un rexistro que resultará de aplicar ou escalas de valoración ou rúbricas (un grande número deses indicadores proceden da observación).

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre. Unidade didáctica 1: 60% + Unidade didáctica 4: 40%
- 2º trimestre. Unidade didáctica 2: 60% + Unidade didáctica 4: 40%
- 3º trimestre. Unidade didáctica 3: 60% + Unidade didáctica 4: 40%

A cualificación final do alumnado, obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos trimestres, segundo os seguintes pesos:

- 1º trimestre: 30% de peso na cualificación final do curso
- 2º trimestre: 30% de peso na cualificación final do curso
- 3º trimestre: 40% de peso na cualificación final do curso

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto (no caso de decimais entre 0 e 49), atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final a concretar.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non acadara os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto, no seu caso, terá lugar nas dúas últimas semanas de cada un dos tres trimestres; e o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou de Abalar. Nesta comunicación especificaranse aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, e o que corresponda para tal fin (sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente programación didáctica -por exemplo, a repetición dun traballo e/ou parte deste, a repetición dunha interpretación instrumental e/ou vocal etc.).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s nun trimestre, o alumnado podería recuperalos durante o/s trimestre/s seguinte/s, repetíndose o proceso de comunicación anterior.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente, a/o alumna/o poderá recuperar a área a través dun proceso de avaliación final que se porá en marcha antes de rematar as clases. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar), seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase este por superado. Cómpre ter en conta a peculiaridade desta área no que atinxe á avaliación continua, xa que na unidade didáctica 3 do 3º trimestre recóllense os contidos e os criterios de avaliación das unidades didácticas 1 e 2, e que a unidade didáctica 4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial (tal e como se indicou no elemento específico desta programación didáctica). Así, tan

rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

- Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- aspectos da organización e a xestión da aula
- metodoloxías activas baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e na aprendizaxe por proxectos
- adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- realización de reforzos educativos
- organización de programas personalizados de enriquecemento curricular
- plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

- Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar con el, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación (oral, escrita, visual e/ou táctil); énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina etc.

No caso de alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel que se amose hipoacúsico (con quen o obxectivo principal será desenvolver a audición no marco da linguaxe e interpretar cancións e exercicios de discriminación auditiva); e o anacúsico (con quen o obxectivo principal será estimular a lectura de beizos e axudarlle na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento				X
ET.7 - O espírito científico	X	X	X	
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade				X
ET.12 - A educación para o consumo responsable				X
ET.13 - A educación para a paz		X		
ET.14 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.15 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.16 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero				X
ET.17 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista				X
ET.18 - A orientación educativa	X	X	X	
ET.19 - A acción tutorial	X	X	X	X
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social				X
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito				X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única área senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as áreas da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 13.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 14 a 21.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña dos elementos transversais indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores ao longo dos trimestres	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar e acordadas no centro.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada unidade didáctica	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición de traballos con invitación ás familias	No 3º trimestre, exposición guiada polo alumnado das obras de Andy Warhol presentadas ás familias e resto de membros da comunidade educativa no patio do centro.			X
Colaboración no Xornal do centro	No 3º trimestre, colabórase co Xornal do centro elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no mesmo.			X

Observacións:

1. No centro acórdase todos os cursos unha dinámica de traballo para decorar os corredores segundo a temática do momento: é o alumnado da área de Educación Plástica e Visual, sempre baixo a coordinación do profesorado que imparte a dita área quen participa e se encarga da decoración dos espazos comúns.
2. Durante o curso, adoptarase a dinámica de presentar en distintos espazos do centro (non sempre no mesmo e dependendo dos traballos realizados) os produtos artísticos elaborados polo alumnado nas distintas unidades didácticas.
3. Aproveitando o fío condutor do traballo en relación ao artista Andy Warhol, durante o 3º trimestre, o alumnado do centro organizará unha visita guiada polas obras do autor recreadas ao longo do curso e creadas con base na súa técnica, presentándoas no patio do centro e invitando ás familias e ao resto de membros da comunidade educativa a coñecelas.
4. Tamén se colabora co xornal do centro, coa elección dalgún dos traballos realizados por parte do alumnado que poida incluírse no dito xornal.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O procedemento establecido para a recuperación da avaliación de cada parcial/final adáptase os contidos traballados.
Os elementos transversais seleccionados para cada unidade didáctica encaixan nas situacións de aprendizaxe propostas.
Metodoloxía empregada
Proporcionáanse situacións de aprendizaxe motivadoras.
Utilízanse metodoloxías activas: ABP, aprendizaxe cooperativo, estudo de casos, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe servizo...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.
Empréganse alternativas ao libro de texto como fonte de coñecemento e eixo da programación.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade teñen en conta o cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz".
Verifícase a comprensión das tarefas a realizar polo alumnado.
Clima de traballo na aula
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Proporcionáanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra os contidos.a participación activa de todo o alumnado.
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado. 3-4
Faise uso da axenda escolar/Abalar como canle de comunicación bidireccional coas familias.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado tutor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado tutor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

9. Outros apartados